

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Vilagarcía de Arousa	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	3º ESO	3	105

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	22
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	27

1. Introducción

Para comprender e coñecer o mundo actual con toda a problemática existente nel e que inflúe na nosa vida cotiá, é necesario ter unhas bases e instrumentos que poden proporcionar as materias de Historia e de Xeografía. O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro. As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social.

En ESO, a materia de Xeografía e Historia pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado na educación primaria; favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o mundo, Europa, España e Galicia); analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

A materia de Xeografía e Historia contribúe á percepción e a análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do devir a través do tempo e do espazo e a análise do cambio como froito da acción humana implica concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea. Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades e exercitar a cidadanía cara un comportamento cívico. Nesta liña, os contidos de terceiro van na dirección de comprender o territorio como o espazo humanizado, tanto desde unha perspectiva económica como física e ambiental. Entender as dinámicas internas e externas da poboación e as súas derivadas como a diversidade da poboación, a interculturalidade, as minorías e a igualdade de xénero tamén van ser obxecto de estudo neste curso. Así mesmo, valorar que todos estes asuntos van sentir os efectos do fenómeno da globalización é outro dos eixes principais a tratar. Desde o punto de vista histórico os contidos deste curso tratan o século XVIII, unha etapa de cambios ideolóxicos, sociais e económicos de grande repercusión que asentan as bases da organización política e económica do mundo contemporáneo ata os nosos días. As revolucións burguesas entenderanse como o marco de ruptura das estruturas do pasado (servidume) para conformar novas formas de pensamento ideolóxico e político nun novo contexto de liberalismo e de democracia, é dicir, de recoñecemento da cidadanía. A globalización, o capitalismo, as formas de traballo e a economía liberal serán cuestións que se comprendan cando se aborde a Revolución Industrial; e, igual que a sociedade, a economía e a política se transforman, a arte deste época tamén responderá a ditas mutacións adaptándose a novos gustos e demandas.

Ditos contidos están estruturados en tres bloques que son "Retos do mundo actual" no que se fai fincapé nos desafíos e problemas do presente e da contorna local e global coa perspectiva de coñecer cales son os retos do futuro ao que se enfronta a sociedade en xeral e a española e galega en particular.

O segundo bloque "Sociedades e territorio" integra contidos que contribúen a explicar a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo para comprender o devir actual e as consecuencias futuras. En definitiva, interpretar o presente desde a perspectiva do pasado como legado histórico.

O terceiro bloque de grande transversalidade é "Compromiso cívico local y global" no que se acentúan o sentido da responsabilidade e os valores democráticos dos/das alumnos/as deste nivel.

En definitiva, alumnado de terceiro comprenderá a través desta materia o presente como un proceso inacabado sobre o que é posible actuar desde unha perspectiva científica e cívica para modelar o futuro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O equilibrio entre o medio natural e a actividade humana.	Abordaranse os problemas medioambientais da Terra. A emerxencia climática e a conciencia ecosocial	12	10	X		
2	O futuro dunha poboación que envellece	Trata do fenómeno da globalización os seus aspectos positivos e negativos e as súas derivadas dos desprazamentos da poboación no mundo actual, a multiculturalidade e posibles conflitos ideolóxicos e étnico culturais, diversidade e mestizaxe	10	12	X		
3	A economía mundial. Como nos afecta a globalización?	Procura analizar os conceptos espaciais, localización, escala, proximidade espacial e facer un estudo do global ao local na escala rural e urbana e a súa evolución e retos do futuro en relación co Desenvolvemento Sostible	10	12	X		
4	A produción de alimentos, clave na Axenda 2030	O alumnado reflexionará e se cuestionará a xestión actual da agricultura e valorará os efectos nos avances na produción. Tamén	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	A produción de alimentos, clave na Axenda 2030	identificarán os retos aos que se enfrenta hoxe o ser humano	10	10	X		
5	A necesidade dunha industria máis sostible	O alumnado reflexionará sobre a necesidade de innovación no sector industrial, fundamental para a economía, pero tamén o sector que máis impacto xera no medio ambiente. Analizaranse as características do sector secundario e os problemas que derivan das actividades deste sector.	13	15		X	
6	Comercio e transporte: motor e reto da economía.	O alumnado comprenderá o papel do comercio internacional no desenvolvemento dos países, así como o papel do transporte -peza clave no sector servizos, pero que tamén xera impacto ambiental-.	10	10		X	
7	Outros servizos básicos para a economía e o benestar	Abordarase a importancia do turismo na economía de moitos países, así como os servizos financeiros, a comunicación e a información e os servizos sociais que proporcionan riqueza e benestar a ún país. O alumnado reflexionará sobre a necesidade de apostar por un turismo sostible, sobre a brecha dixital ou a importancia dos servizos sociais destinados aos colectivos máis vulnerables.	10	10		X	
8	Os retos do mundo globalizado e os ODS	O alumnado reflexionará sobre a vulneración dos dereitos humanos, e profundizará nesta e outras razóns que provocan desigualdades e inxustizas sociais, analizando os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	10	10			X
9	A crise do Antigo Réxime. A orixe do mundo contemporáneo	O alumnado analizará a importancia da cooperación entre Estados para logar relacións pacíficas, a partir do cal comprenderá o papel mediador das organizacións internacionais para resolver conflitos e analizará o papel e os retos da Unión Europea hoxe en día.	15	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O equilibrio entre o medio natural e a actividade humana.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características da contorna natural e o aproveitamento que fai o ser humano do medio	PE	70
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Contesta ás preguntas cun nivel suficiente e de forma bastante detallada sobre as maneiras de conservar o medio natural, rural e urbano e coñece accións que se promoven desde diferentes ámbitos		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	É capaz de realizar con certa soltura unha presentación sobre paisaxes naturais describindo aceptablemente o concepto de espazo natural protexido	TI	30
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	É capaz de participar con certa soltura nun debate no que indique como pode contribuír a mellorar o medio ambiente e solucións que se poden tomar a diferentes escalas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural. - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.

UD	Título da UD	Duración
2	O futuro dunha poboación que envellece	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	É capaz de interpretar e identificar con certa seguridade mapas e gráficos sobre a mobilidade da poboación e distribución do traballo.	PE	70
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	É capaz de responder nun exame escrito con suficiente solvencia acerca dos cambios nos comportamentos migratorios de España comparando tres momentos históricos: finais do século XIX-comezos do XX; anos 50-60 do século XX e a actualidade		
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Responde a preguntas cun nivel suficiente demostrando comprender que son os indicadores demográficos e os movementos migratorios		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Responde a preguntas sobre dúas pirámides de poboación española de comezos do século XIX e a actual establecendo con solvencia as diferencias no comportamento da poboación en ambas.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Interpreta suficientemente o mapa de densidade de poboación mundial e o mapa de densidade de poboación española	TI	30
CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	É capaz de redactar con certa claridade un traballo sobre a mobilidade da poboación e a multiculturalidade e o respecto ás minorías		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	O alumnado é capaz de realizar unha enquisa á poboación maior do seu entorno e extraer datos significativos a cerca de cales son as preocupacións que máis lles afectan.		
CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Analiza de xeito crítico os tópicos e estereotipos sobre os españois e valora se estes poden ser unha forma de racismo ou xenofobia.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Analiza as causas e consecuencias do envellecemento da poboación na súa contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas - Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural. - Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. - Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural. - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.

UD	Título da UD	Duración
3	A economía mundial. Como nos afecta a globalización?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente demostrando saber e comprender cales son as características económicas de España e Galicia.	PE	70
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Responde a preguntas cun suficiente nivel demostrando saber e comprender o que é a globalización, causas, consecuencias e aspectos negativos e positivos e o que é Desenvolvemento Sostible		
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Responde a preguntas cun suficiente nivel demostrando saber e comprender o que é a globalización, causas, consecuencias e aspectos negativos e positivos e o que é Desenvolvemento Sostible		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Responde a preguntas cun suficiente nivel demostrando saber e comprender o que é a globalización, causas, consecuencias e aspectos negativos e positivos e o que é Desenvolvemento Sostible		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente demostrando saber e comprender como evolucionou a actividade económica, os axentes económicos e os retos do futuro.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Interpreta un esquema sobre o engranaxe da economía mundial indicando as partes que o compoñen: empresas, traballo, consumo, Estados, tecnoloxía e coñecemento e inversións e fluxos de capitais	TI	30
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo sobre a necesidade dun aproveitamento do medio respectuoso recoñecendo que obxectivos do Desenvolvemento Sostible hai que cumprir.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Valora as vantaxes de desvantaxes da economía colaborativa e explica por que é máis solidaria e sostible		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais. - O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro. - Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A euronrexión Galicia-Norte de Portugal. - Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. - Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
4	A produción de alimentos, clave na Axenda 2030	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Recoñece, analiza e describe as características do sector primario no mundo e na Unión Europea	PE	70
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodpendencia.	Realiza o exercicio escrito sobre a evolución do sector primario e os retos de futuro e como estes van ligados ao cambio no medio natural.		
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	É capaz de realizar con certa soltura un informe sobre como poder aproveitar o medio de Galicia, España e a UE que sexa respectuoso co Desenvolvemento Sostible.	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	É capaz de contestar con certa soltura gráficas e mapas nas que se plasmen as zonas por sectores de produtividade		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo, identificando por exemplo, o abandono de certas áreas rurais e as súas repercusións demográficas e no mundo laboral,		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
5	A necesidade dunha industria máis sostible	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Clasifica as enerxías segundo a súa capacidade para rexenerarse co uso e segundo a súa procedencia e analiza a explotación das enerxías non renovables.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Explica en que consiste a actividade industrial e clasifica a industria segundo distintos criterios; explica a historia da industrialización desde a Primeira Revolución Industrial ata a industria 4.0; valora a importancia do emprazamento dunha industria		
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Interpreta mapas, gráficos e esquemas sobre o consumo enerxético, o custe de produción dos distintos tipos de enerxía, o consumo de enerxía polo uso e as emisións de CO2 asociadas á enerxía		
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Analiza e comenta a actividade mineira e identifica os factores que a condicionan, explica o seu impacto ambiental e os problemas que plantea en África.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Interpreta gráficos dos principais produtores e consumidores de enerxía e un mapa da dependencia enerxética dos Estados;	TI	30
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Analiza o impacto da industria no medioambiente, argumenta por que é máis sostible o modelo económico circular que lineal e recoñece como debe comportarse o consumidor ou consumidora nunha economía circular.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. - A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas

Contidos
- económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
6	Comercio e transporte: motor e reto da economía.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Explica como se organiza o comercio mundial e localiza nun atlas os países dos bloques comerciais; reconece os principais eixes do comercio mundial. Diferencia entre comercio interior e exterior	PE	70
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Explica que son as carreiras intelixentes e como contribúen á sostibilidade; relaciona e compara a densidade de poboación coa rede de estradas.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Describe e analiza as características do transporte naval, localiza as rutas marítimas e valora como lle pode afectar o cambio climático a este tipo de transporte.		
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Opina de xeito crítico sobre as medidas que o transporte debería levar a cabo para reducir o custe medioambiental; aporta a súa opinión argumentada sobre reciclaxe ou sobre os criterios que nos deben levar a escoller servizos públicos ou privados.	TI	30
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Indica medidas para reducir o custe medioambiental do uso dos transporte		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Nun debate, no que se debe recoñecer o comercio mundial como o motor de crecemento económico, é quen de argumentar si o libre comercio é positivo para as economías emerxentes.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Describe de xeito oral o impacto medioambiental do transporte e analiza os problemas que xenera; explica que cambios deben facerse no transporte para cumprir os obxectivos comunitarios e os ODS		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.

UD	Título da UD	Duración
7	Outros servizos básicos para a economía e o benestar	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Explica as vantaxes e desvantaxes do turismo y comenta como contribúen ao logro de algúns dos ODS, reducindo a pobreza e a fame e favorecendo a saúde e o benestar.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza un exame escrito respondendo con suficiencia a imaxes, gráficos e ou esquemas sobre o impacto económico, social e ambiental do turismo. Ademais responde con corrección á evolución do crecemento do turismo e sobre o turismo en España.		
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Contesta ás preguntas cun nivel suficiente e de forma detallada ás preguntas sobre os distintos tipos de turismo e se este contribúe a conservar o patrimonio histórico, cultural e natural.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	É capaz de facer un traballo sobre lugares de España declarados Patrimonio da Humanidade pola Unesco e valora o que isto significa.		
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	Elabora con certa solvencia un informe tras a recollida de datos da súa contorna sobre os distintos tipos de turismo e os cambios que provocou na paisaxe derivados do seu desenvolvemento.	TI	30
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Opina de forma crítica sobre o turismo sostible e responsable		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
8	Os retos do mundo globalizado e os ODS	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Identifica os ODS relacionados co desenvolvemento humano e os explica.	PE	70
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Responde por escrito á cuestións sobre a clasificación dos países segundo o IDH; identifica e describe os factores que frean o desenvolvemento dos países		
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	É capaz de realizar con certa soltura a lectura de imaxes, gráficas e mapas sobre as actividades económicas e a súa incidencia no medio e determinar cal dos ODS se deben cumprir ao respecto.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodpendencia.	Realiza o exercicio escrito situando nun mapa as áreas máis desfavorecidas do mundo indicando os países con máis risco de pobreza extrema	TI	30
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Realiza unha presentación sobre o que supón vivir nun Estado de benestar e a diferenza de non facelo		
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Realiza un traballo de investigación con solvencia sobre as diferenzas que existe en África, Asia, América Latina e o Caribe, países insulares do Pacífico en aspectos como o IDH, fame, saúde e benestar, escravitude...		
CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Explica que é a brecha de xénero e o empobrecemento da muller; investiga sobre a discriminación das mulleres en África e a limitación que supón no desenvolvemento dun continente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Explica que é a brecha de xénero e o empobrecemento da muller; investiga sobre a discriminación das mulleres en África e a limitación que supón no desenvolvemento dun continente.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Analiza os factores polos cales ter traballo non impide que certas persoas caigan na pobreza e propón medidas para que desde o Estado de Benestar se poidan axudar.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. - O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
9	A crise do Antigo Réxime. A orixe do mundo contemporáneo	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Responde cun nivel de suficiencia ás cuestións planteadas no exame sobre o Antigo Réxime e as súas características política, económicas e sociais.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	É capaz de realizar con certo nivel unha liña do tempo na que se representen os procesos revolucionarios da época: Revolución Francesa, etapa de Napoleón, Revolución Industrial...		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente un comentario histórico guiado sobre os cambios políticos e económicos derivados da Ilustración. Explica dun xeito suficiente o concepto de revolución burguesa e cita algúns obxectivos políticos revolucionarios en contraposición co Antigo Réxime		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	En certa medida ordena as etapas históricas e entende como se escribe a Historia. É capaz de indicar algunha fonte para facer Historia.		
CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	Redacta e expón o legado das correntes ilustradas na actualidade e indica algunha institución do Estado e características das democracias e demostra o valor do sistema constitucional e democrático.	TI	30
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	É capaz de expresar con certa claridade as permanencias da Ilustración na actualidade e plasma nun resumo, informe, o valor do presente en función dos cambios producidos no século XVIII.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores. - A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes. - A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia. - A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde

Contidos

- mundial. Nacemento dunha nova sociedade.
- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.
- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada vai ser, como en todos os niveis, significativa, partindo dos coñecementos previos do alumnado. Procurarase que os alumnos tomen parte activa na súa formación polo que se lles motivará para a realización de pequenos traballos de investigación, que eles terán que expoñer na clase cando xurda na clase o aspecto que se lle encargou buscar. Así mesmo traballarán con textos xeográficos e históricos, adaptados a este nivel, para aprender a comprender a importancia dos mesmos e poder facer pouco a pouco un pequeno comentario. Deste xeito buscaremos unha participación máis activa do alumnado limitando as clases maxistras e fomentando a participación. Tamén se incidirá na consecución de procedementos como lectura de mapas, realización de gráficas (pirámides de idade...), interpretación de imaxes, análise básico de obras de arte, para que ó comezar o segundo ciclo poidan utilizar ditos recursos. Cada alumno elaborará un caderno de clase no que recollerá todos os apuntes, actividades, materiais didácticos aportados polo profesor. O caderno debe estar correcto na súa presentación, contido e escritura. Con certa periodicidade será revisado polo profesor. O esazo da aula virtual funcionará atendendo ós criterios observados para o caderno de clase. Será pois unha metodoloxía didáctica activa e participativa, favorecendo o traballo individual e as tarefas colaborativas, que pretende conducir ó logro dos obxectivos e das competencias anteriormente sinaladas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Aula virtual do centro
Caderno do alumnado
Material audiovisual
Outros recursos aportados polo docente: fichas de traballo, atlas históricos e xeográficos procedentes da Biblioteca do centro ou do Departamento de Xeografía e Historia, prensa...
Presentacións interactivas realizadas polo docente para a aula e aula virtual

Como recurso principal, o libro de texto utilizado é o de Xeografía e Historia 3º ESO Serie Descubre. Proxecto Construindo mundos, 2022, de Obradoiro Santillana. As presentacións elaboradas polo docente serven, así mesmo de base metodolóxica. Por outro lado, para a comprensión dos temas serán necesarios:

- Mapamundi: non podemos contruír un coñecemento sobre o marco xeográfico mundial se temos problemas á hora de situar poboacións ou rexións.
- Fontes documentais históricas e historiográficas seleccionadas polo profesor.
- Prensa
- Imaxes, diapositivas, fotografías, debuxos, planos... tanto do libro de texto como procedente doutras fontes,

aportados polo profesor, buscados polos alumnos, consultados en Internet ou na biblioteca do centro. Consideramos que o uso de imaxes axuda a fixar coñecementos e axuda a exercitar a memoria visual.

- Gráficas, mapas históricos ou temáticos,.
- Para determinadas actividades precisárase de ordenador con acceso a internet (búsqueda de información, realización de exercicios, presentacións...
- Proxector e pantalla: os grupos contan coa súa propia aula na que se dispón do material informático preciso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Entendemos a avaliación como unha ferramenta de mellora do rendemento e formación do alumnado e da metodoloxía, tácticas didácticas, actividades, etc... polo que avaliamos tanto o proceso de aprendizaxe como o proceso de ensino.

Comezado o curso celebrarase a avaliación inicial que resulta fundamental para axustar as medidas necesarias en función das carencias do alumnado. Estará coordinada pola xefatura de estudos e participará o equipo docente xunto coa orientadora do centro. No deseño da avaliación inicial teranse en conta os seguintes aspectos :

- 1.- Características do alumno ou alumna en canto a: actitude, motivación, intereses, habilidades sociais, autoconceito.
- 2.- Entorno socio-familiar: datos destacables que poidan influir no proceso de ensinanza aprendizaxe.
- 3.- Contexto educativo incidindo en dous aspectos: aula e dinámica grupal na que vai desenvolver a aprendizaxe do alumno ou alumna e a súa historia escolar.
- 4.- Competencia curricular nas áreas instrumentais (comprensión lectora, comprensión escrita, resolución de problemas) e coñecemento e procedementos básicos de Xeografía e Historia. Podemos empregar múltiples instrumentos: probas escritas, observación na aula os primeiros días de clase polo profesorado, entrevistas, informes de orientación, os propios informes individualizados do alumnado, a análise de produción do alumno e alumna (resumos, traballos, probas, caderno de clase, etc).

Este coñecemento das características básicas do alumnado vai permitir tomar unha serie de decisións a adoptar relativas a:

- a) Planificar e programar as actividades docentes.
- b) Tomar medidas de atención á diversidade na aula.
- c) Escoller metodoloxías e estratexias didácticas e pedagóxicas a empregar.
- d) Orientar a organización da aula, das actividades a desenvolver; en síntese da propia programación. Con carácter xeral:
 - Repaso selectivo da materia do curso anterior durante unha semana.
 - Medidas de reforzo máis permanentes.
 - Aos alumnos/as con nivel baixo á media seralle facilitado un programa específico de repaso ou reforzo temporal e breve.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	10	10	10	13	10	10	10	15	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

Este departamento dará a coñecer a información necesaria ao alumnado, ao comezo do curso, sobre os contidos da programación, os criterios de avaliación e cualificación. Será cada profesor/a a persoa encargada de transmitir dita información aos seus cursos nos primeiros días de clase. Tamén o profesorado disporá dunha hora de atención aos pais/nais reflectida no seu horario, e dita hora se lle comunicará aos alumnos e alumnas a través do titor/a. Cando se determinen probas escritas en calquera das materias, a asistencia ás mesmas é obrigada nas datas e horas indicadas. Só por razón grave e debidamente xustificada disculparase a falta de asistencia; noutro caso, perderase a opción da proba correspondente, tendo que pasar á proba de recuperación. Cando un alumno ou alumna de calquera curso sexa sorprendido copiando nunha proba escrita, retiraráselle a folia de exame, non se cualificará, e o alumno ou alumna terá que realizar a repetición da proba cando o profesor decida.

O procedemento está establecido na programación deste Departamento e queda recollido desta forma: - 70% da cualificación corresponde ás probas escritas - 30% da cualificación tarefas, actividades establecidas polo docente.

Cálculo para obter a cualificación final de curso:

- Media aritmética dos tres trimestres unha vez que o alumnado teña superadas as tres avaliacións.
- O alumnado que a finais de curso teña aínda avaliacións suspensas, despois de realizadas as recuperacións trimestrais, daráselle a oportunidade de presentarse a unha proba global no mes de xuño cos contidos dos trimestres non superados.
- Nas probas escritas irá indicado o valor de cada pregunta e puntuarase sobre 10.
- No tocante á cualificación dos traballos e demais elaboracións do alumnado, tamén puntuarán sobre 10, empregándose rúbricas (véxase programación do Departamento de Xeografía e Historia), que teñan en conta a puntualidade na entrega, orde e limpeza, calidade e precisión no contido.

Criterios de recuperación:

Procedemento de recuperación da 1ª, 2ª e 3ª avaliación: - Recuperación das probas escritas se a nota media, sumadas as actividades e a tarefa, é inferior a cinco puntos.

Realizarase unha proba de recuperación por avaliación ao principio do seguinte trimestre.

Cada alumno recuperará a parte da materia suspensa, no caso de haber varias probas nesa avaliación, e toda a materia no caso de realizar só unha proba.

Una vez superada a recuperación procederase a aplicar os criterios recollidos na programación do Departamento; isto é, un 70% da cualificación das probas e o 30% das actividades e tarefas do trimestre.

Este Departamento considera que se un alumno ou alumna non supera a avaliación por non ter entregadas as actividades/tarefas do trimestre, non debe repetir as probas senón que se lle dará a oportunidade de entregar as devanditas actividades/tarefas non realizadas para poder recuperar aplicando os criterios de cualificación antes referidos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Cada alumno/a recibirá unha nota trimestral - Cada trimestre, o alumnado debe facer unhas fichas de traballo que están colgadas na aula virtual, e que suporán o 30% da nota da materia. As fichas deben entregarse o día do exame.

- O restante 70% será a nota do exame trimestral. A data de exame publicarase na aula virtual e no taboleiro do centro.
- No caso de non aprobar un ou máis trimestres, poderán acudir en xuño a unha recuperación dos trimestres suspensos. Nese momento, entregaranse unhas fichas de traballo (30% da nota) e realizarase un exame dos trimestres suspensos (70% da nota).

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade están encamiñadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e a consecución das competencias clave e dos obxectivos da ESO. Un dos obxectivos principais dun ensino de calidade é ofrecer unha aproximación á diversidade do alumnado, dado que hai diferenzas tanto nos seus intereses como capacidades e ritmos de aprendizaxe. O tratamento desta diversidade debe producirse desde o momento da detección dos distintos niveis de coñecementos e actitudes do alumnado. Tal e como se explica nesta programación, trala avaliación inicial e tendo en conta as informacións aportadas polas diferentes ferramentas empregadas no proceso, tomaranse as decisións oportunas entorno a diferentes planos. A atención a diversidade polo tanto debe converterse nun aspecto característico da práctica docente diaria e que no departamento contemplaremos a catro niveis: na propia organización do centro, na programación, na metodoloxía e nos materiais.

Atención á diversidade na propia organización do centro Enténdese por medidas de atención á diversidade de centro a aquelas actuacións, estratexias e ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado en xeral que dependerán do propio proxecto educativo de centro. Falamos de medidas como o Agrupamento de materias por ámbitos, agrupamentos específicos, a oferta de materias optativas ou os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento entre outras. Neste sentido o departamento, seguindo as directrices da comisión de coordinación pedagóxica implementará estas medidas e desenrolará a conseguinte programación das mesmas.

Atención á diversidade na programación A programación terá en conta que non todo o alumnado adquire ó mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso se deseña de modo que asegure un nivel mínimo para todos os alumnos o final da etapa, dando oportunidades para recuperar os coñecementos non adquiridos no seu momento permitindo ó mesmo tempo que o alumnado máis avantaxado poida ampliar os seus coñecementos. Tratarase de prescindir dos detalles no primeiro contacto do alumno cun tema e preocuparse por ofrecer unha visión global do mesmo. Por outro lado, o alumnado que trala avaliación inicial e posterior derivación, o departamento de orientación, realizaranse Adaptacións Curriculares individualizadas. Atención a diversidade na metodoloxía No mesmo momento en que se inicia o proceso educativo, comezan a manifestarse diferenzas entre o alumnado. A falta de comprensión dun contido pode ser debida, entre outras causas, a que os concpetos ou procedementos sexan demasiado difíciles para o nivel de desenvolvemento do alumno, ou a que se avanza con demasiada rapidez, e non da tempo para unha adecuada comprensión. Debido a este feito organizaranse as actividades de consolidación, reforzo e ampliación, nas que poidan traballar ou afondar os alumnos menos ou máis adiantados. Nos casos extremos, ou de atención a necesidades educativas especiais, se levarán a cabo, en colaboración co Departamento de Orientación, as correspondentes medidas de atención á diversidade que propón a Administración Educativa. Atención a diversidade nos materiais utilizados A selección dos materiais utilizados na aula ten unha grtan importancia á hora de atender ás diferenzas individuais no conxunto de alumnos/as. Utilizaranse materiais e recursos didácticos variados co fin de atender á diversidade da aula. Así, ben a partir de informacións escritas, visualización ou ás novas tecnoloxías poderemos facer chegar os coñecementos dunha maneira comprensiva ós alumnos. Canta máis variedade de medios manexemos a máis alumnos poderemos chegar. Porén, deberemos de recordar que estes materiais deben ser sempre moi ben escollidos porque non poden deixar de ser un medio e non un fin para a adquisición de novas aprendizaxes e coñecementos.

Atención ao alumnado con problemas de conectividade e dificultades derivadas da fenda dixital A non existencia de recursos informáticos por parte do alumnado non pode ser un impedimento para a consecución da súa aprendizaxe. O dereito á educación ha estar garantido en todo momento. Prestarase especial atención por parte do centro a dispoñibilidade de equipos informáticos e de recursos por parte do alumnado, garantindo a igualdade de oportunidades. Os alumnos-as recibirán por outras vías o material de traballo (correo postal, etc) e os docentes prestaremos especial atención tamén, xa no comezo de curso, ás carencias que pudiera presentar todo o alumnado no uso e manexo dos medios telemáticos.

PLAN ESPECÍFICO PARA O ALUMNADO REPETIDOR As medidas de atención á diversidade que se prevén neste programación para alumnado repetidor baséanse nas alternativas legais existentes e que se encadran no plano do Reforzo Educativo. Todas elas son medidas de carácter ordinario enmarcadas en pautas e estratexias de metodoloxía didáctica. No relativo a medidas que se implementaran antes e durante a realización das tarefas na clase podemos destacar: - Alternar actividades teóricas con traballo práctico. - Antes de empezar unha actividade, explicar de xeito claro e sinxelo o obxectivo último da tarefa. - Segmentar as actividades longas e limitar o número destas. - Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución. No concernente as propias tarefas ou deberes: - Supervisión dos exercicios asegurándonos de que o alumno entendeu o que ten que realizar. - Pedir ao alumnado que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos. Consideramos importante ter contacto coas familias. Para iso manteremos unha comunicación fluida co titor, para que as familias estean informadas sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado, co obxectivo de buscar puntos fortes para a superación da materia no curso repetido. O seguimento deste alumnado que repite a materia debería constar nun informe individualizado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social	X	X		X			X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - Educación ambiental	X		X		X	X	X	
ET.3 - Educación para a igualdade		X		X			X	X
ET.4 - Emprendemento			X		X	X	X	
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz		X					X	X
ET.8 - Educación para o consumidor	X	X			X	X	X	

	UD 9
ET.1 - Educación cívico-social	X
ET.2 - Educación ambiental	
ET.3 - Educación para a igualdade	X
ET.4 - Emprendemento	
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	
ET.7 - Educación para a paz	X
ET.8 - Educación para o consumidor	

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc. Por suposto traballar a educación cívica, a igualdade, o coidado do medio ambiente, educación para paz, en definitiva, os ODS...é prioritario nesta materia e neste curso xa que gran parte dos temas curriculares xiran arredor destes aspectos. Así mesmo, a comunicación audiovisual será aproveitada dun xeito responsable en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente e ao desenvolvemento das competencias das TIC do alumnado. Como tema transversal inclúese a comunicación pois vanse promover os debates ordenados nos que se cumpran as normas de respecto e a tolerancia polas opinións contrarias que, en definitiva, conlevan a unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos. O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima da aula.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visita a Santiago de Compostela	Visita ao Parlamento de Galicia a fin de que o alumnado coñeza o funcionamento dunha institución democrática parlamentaria, que ostenta o poder legislativo na Comunidade Autónoma de Galicia
Visita á sede de Inditex en Arteixo	Visita á sede da empresa de Inditex, principal empresa do sector téxtil en España a fin de coñecer o modelo de produción e distribución dunha das multinacionais máis exitosas no seu sector

Observacións:

Considéranse actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que empregan. Teñen carácter de complementarias as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes. As visitas didácticas están suxeitas, en ocasións, a unha contribución económica por parte do alumnado, e, SEMPRE, á autorización por parte dos pais e nais cando se trata de menores de idade. En consecuencia, teranse en conta como unha actividade de ampliación que esixirá do alumnado boa actitude e comportamento correcto cos/as guías das visitas, cos seus compañeiros/as e co seu profesorado. Aquel alumnado que manteña unha actitude disruptiva na aula ou manifeste coa súa falta de traballo un desinterese absoluto pola materia, poderá ser excluído das saídas (como medida xeral, tomaranse como referencia, para excluír ao alumnado, os/as que teñan máis de cinco partes de incidencias). Estas saídas non poderán ser entendidas, en ningún caso, polo alumnado, como momentos de recreo ou vacación. Aqueles alumnos e alumnas que non fagan as saídas programadas poderán realizar actividades relacionadas coa saída que lles pida o seu profesor ou profesora.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Demostra coñecemento da materia: nunca- ás veces- case sempre- sempre
Planifica leccións, ensina e avalía : nunca- ás veces- case sempre- sempre

Avalía e xulga en función dos criterios da programación: nunca- ás veces- case sempre- sempre
Crea ambiente de aprendizaxe: nunca- ás veces- case sempre- sempre
Emprega variedade de recursos: nunca- ás veces- case sempre- sempre
Motiva ao alumnado: nunca- ás veces- case sempre- sempre
Ofrece oportunidades de recuperación: nunca- ás veces- case sempre- sempre
É ordenado nas explicacións: nunca- ás veces- case sempre- sempre
Explica con claridade: nunca- ás veces- case sempre- sempre
Resolve dúbidas: nunca- ás veces- case sempre- sempre
É innovador/a: nunca- ás veces- case sempre- sempre
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros: nunca- ás veces- case sempre- sempre
Revisa a realización das tarefas propostas: nunca- ás veces- case sempre- sempre
Valora o esforzo
Sabe dirixir a clases
Cumpriu co horario de clase
Valoración xeral da materia
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
Os contidos e actividades relacionáronse cos interese do alumnado
As actividades foron variadas e motivadoras
A temporalización foi adecuada.
Realizouse a avaliación inicial
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Os criterios de cualificación foron axustados.

Descrición:

profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario en base á responder SI ou NON será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso para ser respondido de forma anónima. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a

metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos...) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...).

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc.... todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que

crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do departamento.

Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade

9. Outros apartados